

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 27 de agosto de 2009**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Eudasio Álvarez Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**Invitados:**

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e sete de agosto de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral acctal., Sr. Suárez Sánchez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1140).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1141).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE POSTOS DE TEMPORADA EN PRAIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2618/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o día 20.08.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adjudicar a Mónica González Francisco os seguintes lotes dos postos nas praias do concello de Vigo (Expte. 2618-241) para as temporadas 2009 e 2010 ;

Lote 3 con un canon de 9.784,48 euros por temporada.

Lote 5 con un canon de 13.313,13 euros por temporada.

Lote 7 con un canon de 28.415,85 euros por temporada.

Lote 8 con un canon de 28.415,85 euros por temporada.

2º.- Adjudicar a Marta Lorenzo Barrera os seguintes lotes dos postos nas praias do concello de Vigo (Expte. 2618-241) para as temporadas 2009 e 2010 ;

Lote 4 con un canon de 13.385 euros por temporada.

Lote 6 con un canon de 23.625 euros por temporada.

3º.- Adjudicar a Alejandro Barreiro Prado os seguintes lotes dos postos nas praias do concello de Vigo (Expte. 2618-241) para as temporadas 2009 e 2010 ;

Lote 2 con un canon de 6.100 euros por temporada.

Lote 9 con un canon de 31.000 euros por temporada.

Lote 10 con un canon de 31.000 euros por temporada.

4º Declarar deserto o lote 1 xa que a única oferta presentada ofertou un canón inferior o esixido polo concello.

5º Os adjudicatarios previamente a instalación dos quioscos terán que presentar a seguinte documentación:

No prazo máximo de 5 días hábiles seguintes a notificación de este acordo o xustificante de ter aboado o canón correspondente o ano 2009 na forma que se establece na cláusula terceira das condicións que rexeron a licitación.

No prazo máximo de 10 días seguintes a inserción de este acordo no perfil do contratista os certificados de atoparse o día nas obrigas tributarias co estado coa comunidade autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.

No prazo máximo de 15 días hábiles seguintes a notificación de este acordo o xustificante de ter constituídas as garantías definitivas por importe de 1.200 euros por lote. Os adjudicatarios dos lotes 9 e 10 terán que presentar o xustificante de ter constituída na Caixa Xeral de Depositos a garantía de 400 euros para garantir ante o servizo de Costas a retirada dos quioscos ó final da temporada.

**3(1142).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS STA. CRISTINA DE LAVADORES, COSTEIRA DE SAIÁNS E ATALAIA EN TEIS. EXPTE. 10715/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o día 27.08.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Colegio Los Milagros, S.L. O lote 1 (Escola Municipal Infantil Atalaia-Teis) do procedemento aberto o para a contratación da xestión das Escolas Municipales Infantiles (Expte. 10715-332) por un prezo total para os catro anos de contrato de 807.140,64 euros (201.785,16 euros/ano) .Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 07-07-2009 e a oferta presentada.

2º.- Adxudicar provisionalmente a Colegio Los Milagros, S.L. O lote 2 (Escola Municipal Infantil Costeira-Saians) do procedemento aberto o para a contratación da xestión das Escolas Municipales Infantiles (Expte. 10715-332) por un prezo total para os catro anos de contrato de 799.471,4 euros (199.867,85 euros/ano) .Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 07-07-2009 e a oferta presentada.

3º.- Adxudicar provisionalmente a Colegio Los Milagros, S.L. O lote 3 (Escola Municipal Infantil Sta Cristina de Lavadores) do procedemento aberto para a contratación da xestión das Escolas Municipales Infantiles (Expte. 10715-332) por un prezo total para os catro anos de contrato de 840.237,4 euros (210.059,35 euros/ano) .Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 07-07-2009 e a oferta presentada.

4º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Xustificante de ter aboado os anuncios de licitación por importe de 790,22 euros.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.